



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 2/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E UN DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a vinte e un de febreiro de dous mil dezanove.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 25 de xaneiro de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria de data 29 de xaneiro de 2019, resultou aprobada por maioría de doce votos a favor, coa abstención da Sra. Castenda Blanco, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta das actuacións seguintes:

- 12/01/2019 asistiu la unha reunión co Conselleiro de Sanidade, acompañado pola concelleira de política social, onde se trataron os puntos mencionados no pleno anterior. A realización neste ano de obras no centro de saúde, ampliación da sala de agarda existente e crear unha segunda sala de agarda para pediatría. Hai unha opción un que xa esta valorada, o día 15 de xaneiro por correo electrónico remitiron planos dende a Xerencia de Xestión Integrada de Santiago. Reformaranse as dúas consultas, a zona de enfermería e sala de agarda, con dúas opcións eliminar a zona de agarda actualmente no corredor, crear unha zona de agarda nunha parte da zona de reunións e docencia, ou senón ampliar a sala de agarda existente como única sala conxunta para as dúas pediatras, aproveitando o espazo existente como zona verde. Esta segunda opción está sen valorar. Comprométense a facer estas actuacións, melloras en tecnoloxía para as salas ao longo desta anualidade. Valorarán ambas opcións e decidiranse por unha delas. A situación das urxencias no PAC de Ordes, foi entregado pola nosa parte o escrito que nos fixeron chegar os representantes sindicais ao fin de que se amplíe o persoal nas quendas de noite, comprometéndose ao seu análise pola Consellería e dar resposta a estes escritos. O reforzo do servizo de pediatría, problema común noutros lugares de Galicia, trasladouse de que existe un problema a nivel nacional de especialistas nesta materia. A solución pasa por atraer pediatras doutras comunidades autónomas e de Portugal. Fixéronse xestións co Ministerio de Sanidade para incrementar a formación de máis pediatras. A situación que existe en Ordes non supera as ratios establecidas, si é certo que en determinadas épocas unha das pediatras é compartida con Frades e Mesía. Os tres puntos foron atendidos.

Os Srs. concelleiros danse por decatados.

3. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2019, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decado.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

4. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“Consultado o proxecto elaborado para o acondicionamento e reforma do pavillón polideportivo do Mesón do Vento, ollase como novamente se fai unha aposta por dotar á pista dun pavimento vinílico semellante ao existente no pavillón do Campomaio e do Castelao II. Esa partida segundo o proxecto ten un custo de execución material de 21.383,76 €, onde tendo en conta a parte proporcional de gastos xerais, beneficio industrial e IVE, chega a sumar unha contía de 30.790,48 €.

Estamos polo tanto a falar dunha inversión bastante considerable nun sistema que ten demostrado non ser eficaz debido ás características das pistas deportivas existentes no noso concello.

En Ordes os pavillóns fóronse formando partindo dunha pista de formigón botada directamente sobre a terra, logo a pista cubríase cunha estrutura metálica e a continuación o conxunto cerrábase con paredes de bloque de formigón e chapa metálica nas partes mais elevadas.

O principal problema é que ese formigón en contacto directo coa terra, a parte de transmitir humidades por capilaridade, forma o que se coñece como "parede fría" ao carecer por completo de illamento.

Ben son coñecidos polos usuarios dos pavillóns Campomaio e Castelao I os problemas derivados de aplicar un pavimento vinílico sobre estas superficies, xa que sofren condensacións e a imposibilidade de facer practicas deportivas en determinadas épocas do ano.

Malia que se intentou paliar o problema nesas instalacións con sistemas de ventilación, que á vez supoñen un custo adicional nada desprezable, o certo é que non deixa de ser un parche cunha eficacia limitada e que segue sen conseguir impedir que os citados problemas sigan manifestándose.

Desde o BNG de Ordes creemos que tendo en conta todo isto, deberase apostar por facer investimentos seguros e eficaces, que permitan unha práctica deportiva segura en calquera época do ano. É por iso que propoñemos en varias ocasións que os pavillóns fosen dotados de



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

pistas semellantes á existente no pavillón Castelao I, elevadas mediante rastreles, o cal permite unha ventilación da mesma, e mesmo con illamento térmico.

Somos conscientes de que o custo é notablemente superior con respecto a un pavimento vinílico, pero sabendo que este xera problemas, o mellor será facer o investimento unha soa vez, no canto de gastar 30.000 € para logo incrementar o gasto cunha ventilación e finalmente ter que facer outro gasto para instalar definitivamente unha pista como a que estamos a propoñer para solucionar os problemas.

Sabemos que os recursos do concello son os que son, pero mellor facer as cousas ben unha soa vez, aínda que haxa que facelas por fases en varios anos.

É polo que desde o BNG de Ordes, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- O Pleno da corporación municipal insta ao alcalde do concello de Ordes a modificar o proxecto para o acondicionamento e reforma do pavillón polideportivo do Mesón do Vento co gallo de dotalo dunha pista elevada mediante rastreles e illada térmicamente, semellante á existente no pavillón Castelao I, na vez de instalar o pavimento vinílico proxectado. No caso de non dispor de fondos suficientes como para executar a modificación proposta, renunciar á actuar sobre a pista na presente anualidade, acometendo a actuación sobre a mesma en vindeiros exercicios”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de trece votos a favor (5 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sete dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que reserva a súa intervención ata coñecer o informe do técnico.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que tamén vai agardar á lectura do informe, pero está a favor de que se mellore a calidade do pavimento.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que en principio tamén están de acordo, pero tamén queren escoitar o informe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece que o voceiro do BNG faga unha análise técnica desta obra, veu ao concello a coñecer o proxecto. É unha obra que está incluída nos orzamentos de 2019. Agarda que se poida executar no verán, é unha demanda importante da comunidade educativa deste centro. Xa a finais do ano 2017 se valorou coa comunidade educativa do centro a instalación do pavimento vinílico na pista, visitouse a instalación cunha empresa especializada que coloca multitude dela en moitos pavillóns, invitando a visitalos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Dentro das posibilidades que había e orzamento que se manexaba, chegouse a un acordo coa comunidade educativa para facer un proxecto máis ambicioso, que é o que está incluído agora nos orzamentos. Hai un primeiro informe, non é o do técnico redactor do proxecto, que recomenda a instalación dun pavimento vinílico por dous motivos. Un é o custe de execución é considerablemente inferior a un pavimento de madeira rastrelada e outro é que o paso do tempo non require ningún tipo de actuación para o seu mantemento, ao contrario que a madeira que haberá que acoitelala e volver a vernizala para o seu correcto estado. En canto ao problemas de humidade por capilaridade na soleira, mediuse nese momento cun higrómetro, en puntos tomados aleatoriamente a medición estaba por debaixo dun tres por cento, condición indispensable para a instalación deste pavimento que vai pegado. Volvéndose a tomar medidas noutros días para asegurar estes valores. Nese momento visitounos o mestre de educación física, foi unha das preguntas que lle fixeron os técnicos, se había problemas de humidades no pavillón, a resposta foi que non. No pavillón Campomaioir xa os mestres con anterioridade á actuación recoñecían que había problemas de humidade por condensación nas vigas, que a día d hoxe esta resolto. Os problemas de condensación cun sistema de madeiras rastreladas poden minimizarse, pero non se solucionan completamente, a condensación non so se produce no solo, tamén na cuberta e nas paredes, ao final estas gotas de auga terminan depositándose no solo. Os pavimentos vinílicos tamén actúan como illantes térmicos, aínda que non solucionan por completo os problemas de condensación. Podería ser viable outro tipo de actuacións cun custe tres ou catro veces superior ao contemplado no proxecto técnico. O técnico redactor do proxecto, preguntado a raíz da moción presentada polo BNG, sinala que o pavillón non presenta na actualidade problemas de condensación co que non se prevee que os teña no futuro. O pavimento presupostado ten na súa composición un compoñente de illante térmico o que evitaría a posible condensación no pavimento. Ao tratarse dun pavimento vinílico é impermeable polo que no caso de existir problema de ascenso de auga polo terreo por capilaridade nunca ascendería ata a superficie polo carácter impermeable do material. O problema de ascenso de auga por capilaridade existiría en calquera tipo de pavimento que so se evitaría baixando o nivel freático ou ben impermeabilizando a base do pavimento, solución esta que podería provocar problemas noutras zonas do pavillón, xa que a auga se despraza ata poder ascender, o que podería ser ata contraproducente. En canto a produción de condensación superficial, esta prodúcese cando unha mas de aire húmido entra en contacto cunha superficie de temperatura igual ou menor á do rocío do aire ou cando a temperatura do aire está saturada, se a cara superficial do pavimento é máis baixa que á do aire e na masa do aire existe unha humidade elevada provocaría que esta humidade precipitase sobre a superficie do pavimento, ao ter ese compoñente illante na súa composición evitaríase en gran medida o problema do que se está a falar. Outro tema diferente sería a condensación nos pavimentos verticais ou na cara inferior da cuberta, depositándose a auga no pavimento, que se produciría con calquera pavimento xa que a problemática é do propio edificio e non do tipo de pavimento que se vaia a introducir. Polo tanto o técnico segue a aconsellar que se manteña a proposta inicial plantexada. A día de hoxe seguemos a ter un problema importante no pavillón Castelao II, haberá que tratar de abordar unha solución definitiva, que pasará por rastrelalo e elevalo ou buscar un sistema de ventilación forzada. O ximnasio do Campomaioir non ten ningún tipo de problema, o ximnasio do Castelao I ten un sistema de ventilación forzada non ten problema cun pavimento vinílico, a pista deportiva do Campomaioir non hai problema dende que se introduciron os dous extractores no fondo. No Campomaioir a propia estrutura metálica ten provocado problemas de condensación. A vista dos informes e das comprobacións, o goberno ao tratarse dunha iniciativa do goberno municipal vai a manter o proxecto inicial.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que evidentemente é unha iniciativa do goberno municipal, como oposición terán que intentar pelexar por facer ver que se están a facer mal as cousas. Todo o que dixo o Sr. Alcalde ten unha discusión técnica. Non estamos a falar de que as humidades que hai na pista procedan da precipitación por condensarse nos elementos estruturais. Estamos a falar de que o propio pavimento é o que condensa. O Sr. Alcalde fixo lectura duns informes técnicos, gustaríalle saber o primeiro técnico para quen traballa, se traballa para a empresa que vai a montar o sistema non vai a facer un informe en contra do seu material, terá que intentar vendelo da mellor maneira que poida. O técnico redactor do proxecto tamén terá que defender o que proxectou inicialmente. No ximnasio Campomaioir non hai ese problema, se o hai executando unha soleira nova supostamente ben illada, xa sería o colmo nun edificio de dous anos con problemas de condensación interior. Non hai que desviar o tema. Os pavillóns están compostos, antes era así, as técnicas construtivas van mellorando cos anos, votábase o formigón sobre a terra, está sen illar. Non estamos a falar de que a humidade suba por capilaridade, que tamén o pode facer, senón que a humidade se deposita por condensación. Por que ese elemento está frío, poslle unha goma enriba e condensa igual. Pódese por en dúbida que os rastreles se deterioran co paso do tempo, se lles pos uns de pino roxo aguantan moito máis que uns de madeira branda. Tampouco teñen por que se de madeira, poden ser doutros materiais que non se deterioran. Sabemos que iso incrementa o custe. Estamos poñendo sobre a mesa que é mellor esperar un pouco máis, investir algo máis en por algo que non se deteriore, que non xere problemas e poder usar os pavillóns. Todas as actividades se están a concentrar no pavillón Castelao I, que é o único pavillón no que se pode facer deporte nesta época do ano, e os outros pavillóns baleiros. Temos no concello catro pavillóns e so funciona un no inverno. O que hai que facer segundo o entende o BNG, é potestade de quen goberna facer as cousas dunha maneira ou outra, intentar cambiar eses pavimentos por un que non da problemas, que está contrastado, que é no Castelao I, no resto por vinílicos, que xa se comprobou no Castelao II e do Campomaioir. Intentan solucionar ese problema, co que funciona, que non da problemas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o pavillón Castelao I non ten nada que ver co resto de pavillóns.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que non é técnico, por iso pediu que se fixese un informe técnico que esta aí, se estes consideran que é bo van a votar en contra.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que non vai a por en dúbida o informe dos técnicos, pero trátase de elixir un solo de mellor calidade se se pode. Cando estivo no goberno escoitou queixas das patinadoras que sufrían máis nas articulacións cando practicaban deporte neste solo do Campomaioir. Si que cree que hai que investir nun solo de máis calidade.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que o BNG ten unha boa idea. Saben que hai eses problemas no pavillón Castelao II e Campomaioir. É mellor investir un pouco máis e que iso dure para máis anos, que despois ter que buscar solucións cando xa estea posto e xurdan novos problemas.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que insiste co firme compromiso de que se analizará todo cos técnicos antes de ter ningún inconveniente. Segue a manter o contido dos informes, respecta a profesionalidade do voceiro do BNG. Os pavimentos vinílicos están colocados en multitude de pavillóns de centros educativos. Non é certo o que dixo a Sra. Martínez Candal de ser o peor para as patinadoras, é o mellor precisamente por que mentres nun supere os dous milímetros de espesor, non hai ningún problema. O que aconteceu no seu día no Campomaior foi a instalación dun pavimento de catro milímetros cando tiña que terse posto un de dous milímetros. Estes pavimentos están perfectamente adaptados a todo tipo de deportes. É certo que hai moita actividade centralizada no Castealo I, o Castelao II tamén esta saturado, o Campomaior ten moita actividade ao longo do ano, hai actividades que se derivan ao Mesón do Vento. Van a votar en contra da proposta do BNG. Comprométese a tratar de acertar da mellor maneira posible e que non haxa ningún tipo de inconveniente na execución do proxecto.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos en contra (5 grupo político PP, Sr. González Santos, Sr. Gómez Candal), seis votos a favor (3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula os rogo seguintes:

- Na subida dende o Paseo Ramiro Recouso cara Penelas, fai tempo que o alumeadado público deixou de funcionar.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Á reparación e posta en funcionamento do devandito alumeadado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que saltaron os diferenciais. Cando presentaron o rogo déuselle traslado á empresa, xa esta resolto.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

- A veciñanza de Leira que emprega a illa de reciclaxe situada en Castrelos quéixase de que en ocasións, e tras efectuar a descarga nos camións de recollida, os contedores non quedan ben situados de tal xeito que a boca para depositar o lixo quede o máis accesible posible, véxase o exemplo do contedor do papel fronte á do vidro.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte.

A solicitarlle ás empresas concesionarias que sitúen os contedores coas bocas de depósito do lixo cara o exterior da illa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cando presentaron o rogo xa se lle fixo chegar á empresa. Na foto vese que as bocas están bastante ben colocadas. Tratarase de corraxir a do papel. A empresa tratará de que non haxa incidencias.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogo seguinte:

- Tal e como se pode apreciar na fotografía que achegamos xunto ao presente rogo, a praza de estacionamento accesible situada na Rúa República Arxentina, nas proximidades da súa intersección coa Avenida Alfonso Senra, ten unha delimitación moi confusa e chapuceira.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se sinalice axeitadamente dita praza de estacionamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esa zona cando se contratou o que tratou a empresa é que aí quedasen dúas prazas, marcaron a zona, a zona intermedia que pasa por riba do que era anteriormente a marca en azul. Van a quedar dúas, teñen que vir a completalas, borrar o que sobra. Insistíulle ao oficial da policía local, falou coa empresa, van a tratar de resolvelo a semana que ben se pode ser. Quedou pendente nos traballos que remataron en decembro, a parte dunhas pequenas illas nas interseccións que teñen que completar.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula as preguntas seguintes:

- O 28 de decembro unha veciña solicitou a colocación de un espello por falta de visibilidade na saída da súa vivenda á vía pública co conseguinte risco de accidente.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

A día de hoxe nin foi colocado o espello nin tampouco lle notificaron os motivos polos que non se está a colocar o espello.

É polo que formulo ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

- ¿Cal é o procedemento para a colocación do espello en caso necesario?.
- ¿En este caso porqué non está colocado?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entende que a pregunta é relativa á petición en Lg. Calle, 99, Poulo. O procedemento é informe previo da policía local sobre a viabilidade. Neste caso o informe está pendente de facer. Pasado o día doce foi cando se pediu a última remesa de espellos. Tan pronto veñan, o informe da policía local a día de hoxe xa está feito. Tratarase de colocar, é nunha vía da Deputación, espera que non haxa problemas.

- O 21 de setembro de 2018 solicitei en un rogo que se colocasen espellos na aula da Nave de Mesón do Vento, tanto abaixo, onde se fai ximnasia de maiores e pilates, como na de arriba, xa que na actualidade se desenvolven actividades de baile e deporte en ámbalas dúas.

A día de hoxe non foron colocados en ningún dos espazos.

É polo que formulo ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

- ¿Vaise a colocar algún espello en algunha das aulas?.
- ¿En caso negativo, cales serían os motivos?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se tomou o rogo en consideración no seu día. O que houbo que facer é que foi necesario mover parte da instalación eléctrica para a colocación dos espellos. Esa obra xa a fixo o persoal municipal e a empresa de mantemento, encargouse o material co cristaleiro, parte del xa foi colocado no día de hoxe, non está todo aínda.

- No 2018 iniciouse expediente de solicitude de declaración de festa de interese turístico do Lacón con Grelas de Mesón do Vento.

A día de hoxe non se informou de como está o trámite da solicitude.

É polo que formulo ao Sr. Alcalde a seguinte pregunta:

- ¿Houbo algunha contestación ou requirimento ao respecto? .
- ¿Como se encontra o estado do expediente?.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está en tramitación na Axencia de Turismo de Galicia. O día vinte chegou un requirimento de emenda de documentación a subsanar nun prazo de dez días hábiles.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Desde fai varios anos, víñase organizando a liga local de fútbol sala, unha actividade que chegou a contar con mais de unha decena de equipos inscritos e case douscentos participantes.

¿Por qué motivo non se organizou na presente tempada?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que so se inscribiron tres equipos, non se vía viable para levarse adiante, trataron de falar con todos. Moita da problemática está é a suba dos seguros federativos. E moitas das persoas participantes non estaban dispostas a asumir ese custe.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás dezanove horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO